

**CONCELLO DE VEDRA**

CONCELLO DE VEDRA

**PREGO DE PRESCRICIÓNS  
ADMINISTRATIVAS DA  
EXPLOTACIÓN DO  
SANEAMENTO E  
DEPURACIÓN**

ABRIL 2016

Vedra (A Coruña)

## **INDICE**

### **CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS. 5**

#### **1.1.- OBXECTO DO CONTRATO. 5**

#### **1.2. NATUREZA DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO. 6**

#### **1.3.- FORMA DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA. 7**

#### **1.3.- TITULARIDADE DO SERVIZO. 7**

#### **1.4.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO. 7**

#### **1.5.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.- 8**

#### **1.6.- DURACIÓN E PRÓRROGAS. 8**

#### **1.7.-PERSOAL. 9**

### **CAPÍTULO 2.- PARTES DO CONTRATO. 11**

#### **2.1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN. 11**

#### **2.2.- PERFIL DO CONTRATANTE. 11**

#### **2.3.- TIPO DE LICITACIÓN. 11**

#### **2.3.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. 12**

#### **2.4. APTITUDE PARA CONTRATAR. 12**

2.4.1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase: 12

2.4.2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, 13

2.4.3.- Solvencia económica e financeira 13

2.4.4 Solvencia técnica 14

#### **2.5.- GARANTÍAS 14**

#### **2.6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN. 15**

#### **2.7 MESA DE CONTRATACIÓN: 16**

#### **2.8. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL 17**

## **2.9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. 18**

2.9.1.- Enumeración dos criterios non avaliados mediante fórmulas. 18

2.9.2 Criterios avaliados economicamente. 20

2.9.3 Criterios para resolver eventuais empates 22

## **2.10.-REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN 22**

### **2.11.-ADXUDICACIÓN.- 24**

### **2.12.- FORMALIZACION DO CONTRATO. 24**

## **CAPÍTULO 3.- DO RÉXIME ECONÓMICO DA CONCESIÓN 24**

### **3.1.- DA RETRIBUCIÓN DO CONCESIONARIO.- 24**

### **3.3.- DA REVISIÓN DA RETRIBUCIÓN 25**

### **3.4.- EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO DA CONCESIÓN. 26**

### **3.5.- GASTOS ESIXIBLES AO CONTRATISTA. 26**

## **CAPITULO 4 DO RÉXIME XURÍDICO-ADMINISTRATIVO DA CONCESIÓN 27**

### **4.1- DEREITOS DO CONCESIONARIO. 27**

### **4.2.- OBRIGACIÓNS DO CONCESIONARIO. 28**

### **4.3.- POTESTADES DA ADMINISTRACIÓN. 29**

### **4.4 OBRIGACIÓNS DO CONCELLO 29**

4.4.1.- En orde á titularidade do servizo 29

4.4.2.- Protección do servizo 29

4.4.3.-En orde á utilización da vía pública 30

4.4.4.- Revisión das cláusulas xerais do contrato. 30

4.4.5. Indemnizar á concesionaria polos danos e prexuízos 30

4.4.6. Execución de obras: 30

### **4.5 SANCIÓNS POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO 30**

4.5.1 Son infraccións moi graves: 30

4.5.2 Son infraccións graves: 31

4.5.3 Son infraccións leves: 32

**4.6.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DOS SERVIZOS. 33**

**CAPÍTULO 5. INTERVENCIÓN E EXTINCIÓN. 34**

**5.1. EXECUCIÓN DO CONTRATO 34**

**5.2.- MODIFICACIÓNS. 35**

**5.3.- DO SECUESTRO DA CONCESIÓN. 35**

**5.4.- DA CADUCIDADE DA CONCESIÓN 36**

**5.5.-REVERSIÓN DE INSTALACIÓNS 36**

**5.6.-PRAZO DE GARANTÍA 36**

**5.7.- INSPECCIÓN E CONTROL 37**

**CAPÍTULO 6.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO. 37**

**6.1. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN. 37**

**6.2.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE. 37**

**6.3 PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS 38**

**7.- ANEXOS AO PRESENTE PREGO 39**

**ANEXO I 40**

**MODELO DE PRESENTACIÓN E DE DECLARACIÓNS RESPONSABLES DO LICITADOR 40**

**ANEXO II 45**

**MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA 45**

**ANEXO III 48**

**MODELO PARA A OFERTA DO IMPORTE ECONÓMICO DAS MELLORAS COMPLEMENTARIAS POR CONTA DO CONTRATISTA. 48**

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN Á OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE VEDRA.**

## **CAPÍTULO 1.- DISPOSICIÓN XERAIS.**

### **1.1.- OBXECTO DO CONTRATO.**

O obxecto do contrato é a prestación do servizo público vinculados á rede de sumidoiros e á depuración do Concello de Vedra mediante xestión indirecta en réxime de concesión administrativa de acordo co artigo 277.a) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCAP).

Con este contrato preténdese prestar o servizo de competencia municipal, atribuídos ás Entidades Locais, con carácter de obrigatorios, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), nos seus artigos 25.2.c) e 26.a). Evacuación e tratamento de augas residuais:

A xestión leva a prestación dos seguintes servizos:

- Rede de sumidoiros
- Depuración.

As especificacións técnicas relativas á execución do contrato aparecen definidas no prego de prescricións técnicas (en diante PPT). Tanto o Prego de Prescricións Técnicas como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares revisten carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización de contrato.

Codificación do obxecto do contrato:

Nomenclatura CPV da Comisión Europea. Regulamento (CE) nº 2151/2003 da Comisión, do 16 de decembro de 2003, polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), publicado no DOUE do 15 de marzo de 2008.

Código nomenclatura CPV:

90000000-7: Servizos da rede de saneamento e eliminación de desperdicios, servizos de saneamento e de medio ambiente.

90100000-8: Servizos de recollida e utilización de augas residuais e desperdicios.

90110000-1: Servizos da rede de saneamento.

90111100-9: Servizos de retirada de augas residuais.

90112200-7: Servizos relacionados con fosas sépticas.

90112300-8: Servizos de baleirado de pozos negros e fosas sépticas.

90113000-2: Servizos de limpeza de saneamento.

90114000-9: Servizos de xestión de redes de saneamento.

90115000-6: Servizos de inspección de redes de saneamento.

Código da clasificación estatística de produtos por actividades na Comunidade Económica Europea (CPA-2008) recollida no Regulamento (CE) nº 451/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, publicado no Diario Oficial da Comunidade Europea L145 o 4 de xuño de 2008.

Código clasificación estatística CPA-2008:

**E - SERVIZOS DE REDE DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E SANEAMENTO.**

37. Servizos de recollida e tratamento de augas residuais.

37.0 Servizos de recollida e tratamento de augas residuais.

37.00 Servizos de recollida e tratamento de augas residuais.

37.00.1 Servizos da rede de saneamento

37.00.12 Servizos de tratamento de pozos negros e fosas sépticas de augas residuais.

## **1.2. NATUREZA DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO.**

Unha vez perfeccionado o contrato, este constituirá unha concesión administrativa da xestión dos servizos de saneamento e depuración do Concello de Vedra, nos termos do artigo 277.a do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e no apartado b) do art. 114 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, do 17 de xuño de 1955 (RSCL).

O seu réxime xurídico virá definido en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo presente Prego de Condicións e o de Prescricións Técnicas, e pola seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCAP)
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. (CSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP).

- O Título III do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1995 (RSCL), en canto non resulte modificado polas disposicións anteriormente referidas.

Supletoriamente seranlle de aplicación as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

### **1.3.- FORMA DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA.**

A adxudicación do contrato efectuarase por procedemento aberto, con suxeición ao presente Prego de Cláusulas Administrativas e disposicións legais a que se refire a cláusula anterior, a favor da oferta economicamente máis vantaxosa (segundo os criterios de adxudicación establecidos no presente prego).

### **1.3.- TITULARIDADE DO SERVIZO.**

De conformidade co establecido nos artigos 25 da LBRL e 126.1 do RSCL, os servizos contratados seguirán ostentando, en todo momento, a cualificación de servizos públicos municipais.

A concesión dos servizos leva aparellada a concesión demanial do uso privativo dos bens afectos aos mesmos, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Así mesmo, a titularidade das instalacións, infraestruturas, bens ou elementos afectos ou que no futuro se afecten aos mesmos, terán, en todo momento, a cualificación de bens de dominio público con destino a un servizo público e estarán suxeitos ás limitacións e prerrogativas propias da súa natureza. As instalacións que conforman a infraestrutura xeral do servizo poñeranse a disposición da concesionaria unha vez formalizado o contrato e redactarase, baixo a súa responsabilidade, a acta de recepción do inventario detallado das instalacións. Durante o prazo de execución do contrato, e sempre que o Concello faga unha nova achega dalgunha infraestrutura para a súa afección ao servizo, subscribiranse actas de recepción similares e na mesma forma que a anterior e a concesionaria actualizará o inventario correspondente. A empresa adxudicataria estará expresamente obrigada e facultada para o mantemento destas instalacións e do conxunto das súas obras, da súa vixilancia, control e reparacións.

### **1.4.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.**

Unha vez adxudicado o contrato, crearase unha Comisión de Seguimento e Control do Servizo, presidida polo Sr. Alcalde ou Concelleiro no que delegue, e formada polo Concelleiro delegado do Servizo de Auga, ademais dos membros da Corporación Municipal que consideren oportunos e os técnicos municipais que en cada momento designe a Presidencia, así como os representantes do Concesionario. Esta Comisión redactará o seu propio Regulamento.

A Comisión, ademais de fiscalizar directamente a xestión do Concesionario, considerará todos os problemas que se presenten ou poidan presentarse relacionados co Servizo e coordinará as relacións entre o Concesionario e o Concello.

Propoñerá tamén á Corporación Municipal as accións que considere convenientes para o correcto desenvolvemento do Servizo, e a programación de futuras ampliacións. Nas deliberacións da Comisión, os técnicos do Concesionario terán voz pero non voto.

### **1.5.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.**

O prezo do contrato no ano I, tendo en conta as estimacións de custos que figuran no Anteproxecto de Explotación ascenden a 61.299,27 € máis IVE do 10 % (6.129,93 €), o que supón un total de 67.429,20 €.

A estimación do orzamento do contrato, é de 61.299, 27 € (conforme ás determinacións do art. 88 do TRLCSP) calculada na forma seguinte:

Nº anos de duración: 2 + 2 de prórroga (67.429,20 €/ano X 4 anos = 269.716,80 Euros).

Este será o PREZO TOTAL DO CONTRATO, a efectos de publicidade e determinación de garantías.

De acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Exercicio 2016: 30.649,63 € máis 3.064,96 ? (10% de IVE)

Exercicio 2017: 61.299,27 € máis 6.129,93 € (10% de IVE)

Exercicio 2018: 61.299,27 € máis 6.129,93 € (10% de IVE)

Exercicio 2019: 61.299,27 € máis 6.129,93 € (10% de IVE)

Exercicio 2020: 30.649,64 € máis 3.064,96 € (10% de IVE)

Existe o crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Concello de Vedra para atender as obrigacións económicas que derivan do cumprimento e execución do contrato na aplicación orzamentaria consignada 160-22706.

O importe do contrato será financiado con cargo á aplicación orzamentaria 160-22706, na que se garante que existe crédito adecuado e suficiente, agás que, por resolución motivada do órgano de contratación, se cambie a aplicación a outra con crédito adecuado e suficiente, facéndoa constar, se así fose posible, no contrato correspondente.

### **1.6.- DURACIÓN E PRORROGAS.**

O prazo de execución do servizo obxecto deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 278 do TRLSP, será de 2 anos.

O contrato poderá ser obxecto de prórroga, por mutuo acordo das partes, antes da súa finalización, mediante a indicación do prazo máximo de prórroga contractual en



coherencia co valor estimado do contrato, segundo o previsto nos artigos 23.2 e 88 do TRLCSP.

En calquera caso, a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de catro anos.

A prórroga, no seu caso, formalizarase, logo da súa aprobación, no contrato correspondente. Non procederá a formalización do contrato de prórroga no caso de que na empresa contratista concorran algunhas das circunstancias relativas ás prohibicións de contratar dispostas no artigo 60 do TRLCSP. Cando se trate dunha Unión Temporal de Empresas bastará con que non concorran ningunha das devanditas prohibicións de contratar polo menos nun dos integrantes da UTE que participe nunha porcentaxe non inferior ao cincuenta por cento na unión ou en varios membros cunha participación en conxunto non inferior á porcentaxe sinalada; en todo caso todas as empresas que forman parte da UTE deberán estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e de Seguridade Social.

Con independencia deste prazo e dado o carácter público do servizo, que impón a súa prestación continuada, se á terminación do prazo de execución do contrato o Concello non conclúise o proceso para outorgar de novo a xestión indirecta do servizo ou o proceso para asumir a súa xestión directa, a adxudicataria estará obrigada a continuar coa prestación de todos os servizos contratados cos medios existentes ata que o Concello o conclúa, co límite máximo de 6 meses.

O concesionario comezará a prestación dos servizos obxecto do contrato no prazo máximo dun MES, contado desde a súa formalización.

### **1.7.-PERSOAL.**

De acordo co art. 44 do Estatuto dos traballadores/as, que regula a sucesión empresarial e o artigo 53 do IV Convenio colectivo estatal das industrias de captación, elevación, conducción, tratamento, distribución, saneamento e depuración de augas potables e residuais (Resolución do 08/10/2013 da Dirección Xeral de traballo, BOE nº 252 de 21/10/2013), a concesionaria está obrigada a subrogar ao persoal da actual concesionaria do servizo, nos termos establecidos na referida normativa..

Vínculo laboral do persoal empregado do concesionaria afecto ao servizo:

A concesionaria estará obrigada a contratar persoal pola súa conta e risco, que dependerá para todos os efectos, dela. Deberá cumprir, ademais, todas as normas vixentes e obrigas impostas en materia de accidentes, xornada laboral, seguros sociais, mutualismo laboral e demais normas que se diten en relación coas persoas traballadoras empregadas.

O persoal necesario para desenvolver o presente contrato dependerá, exclusivamente, da adxudicataria e esta terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de patrón, segundo a lexislación laboral e social vixente en cada momento. O citado persoal non poderá alegar, en ningún caso, dereito algún en relación co Concello, nin esixirle a este responsabilidade de calquera clase como consecuencia das obrigacións existentes entre a concesionaria e o seu persoal, aínda no caso de que os

despedimentos e medidas que adopte baséense no incumprimento ou interpretación do contrato.

O persoal da empresa concesionaria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcionaria ou de natureza análoga respecto do Concello, debendo ter esta empresa debidamente informado ao persoal do citado extremo.

Responsabilidade:

A concesionaria ou o seu persoal responderán civil e, no seu caso, penalmente dos danos ou subtraccións que se produza no edificio, bens ou instalacións, sempre que sexan consecuencia dun incorrecto cumprimento do contrato por parte da adxudicataria ou por causas imputables a ela.

Cando o/a contratista ou as persoas del/dela dependentes incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do traballo ou o cumprimento do programa de execución fixado, o órgano de contratación poderá esixirlle a adopción de medidas concretas e eficaces para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado, sen prexuízo do disposto no TRLCSP achega do cumprimento dos prazos e as causas de resolución do contrato.

A concesionaria é a responsable dos expedientes sancionadores incoados por outras administracións na materia obxecto da presente concesión, debendo elaborar os borradores de informes, alegacións, recursos e afrontar os custos que se xeren en todo o procedemento, incluso o pago de sancións ou calquera outra penalidade imposta. En todo caso, os posibles incumprimentos que motivasen os expedientes sancionadores doutras administracións poderán dar lugar, cando cumpra, ás actuacións sancionadoras do Concello.

Obrigas laborais:

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, o/a contratista quedará obrigado/a ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral, seguridade social, prevención de riscos laborais e de seguridade e hixiene no traballo. O incumprimento destas obrigas pola súa banda non implicará responsabilidade ningunha para a Administración.

Negociación colectiva:

a) O Concello recoñece e garante o dereito á negociación colectiva das persoas traballadoras do servizo municipal obxecto deste contrato, aínda que en ningún caso participará directamente na devandita negociación nin tomará parte ningunha na execución dos acordos que ambas as partes alcancen. A empresa adxudicataria deberá respectar o convenio colectivo actualmente en vigor para as persoas traballadoras afectas ao servizo ata a súa extinción ou denuncia.

b) A repercusión económica que este convenio teña na economía do servizo deberá ser estudada e asumida polos licitadores/as e incluídas na súa oferta, sen que se lle poida formular reclamación algunha ao Concello por estes conceptos.

c) Os incrementos retributivos acordados por medio de negociación colectiva entre o adxudicatario e os seus traballadores que excedan os fixados no convenio estatal das industrias de captación, elevación, conducción, tratamento, distribución, saneamento e depuración de augas potables e residuais, así como outras vantaxes sociais e laborais acordadas con repercusión económica, en ningún caso poderán ser alegadas ante o Concello para acreditar unha ruptura do equilibrio económico do contrato, e por tanto no formarán parte do custe unitario do servizo.

Folga e servizos mínimos.

Cando algún conflito colectivo entre o persoal da empresa ou as persoas traballadoras do servizo desemboque nunha folga ou peche patronal, o Concello, mediante decreto de Alcaldía, fixará os servizos mínimos. Deberá asegurarse, en todo caso, que o exercicio deste dereito polas persoas traballadoras non supoña ningún risco para a seguridade e saúde da cidadanía, tendo en conta os servizos máis susceptibles de xerar estes problemas e atendendo á época do ano en que se produza a folga, ben por cuestións climatolóxicas, períodos festivos ou vacacións.

## **CAPÍTULO 2.- PARTES DO CONTRATO.**

### **2.1.- ORGANO DE CONTRATACIÓN.**

O órgano competente para contratar é o Alcalde, de conformidade co establecido no artigo 22.n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e Da 2ª do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. O mencionado órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca a súa execución, modificalo e acordar a súa resolución, con suxeición á normativa aplicable.

Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

### **2.2.- PERFIL DO CONTRATANTE.**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com).

Os licitadores para liquidar tanto as cuestións administrativas como técnicas que se lle susciten durante a licitación deberán dirixirse ao Departamento de Secretaría do Concello de Vedra na dirección de correo: mercedes.pereiras@vedra.dicoruna.es.

### **2.3.- TIPO DE LICITACIÓN.**

1.- Fíxase o seguinte tipo de licitación:

- Tipo de licitación fixo: 61.299,27 euros/anuais + 10% IVE

2.- Na oferta desagregaranse os datos económicos do servizo, da retribución do adxudicatario, que conterá os factores constitutivos do prezo para aplicar, desagregándose os seguintes conceptos:

- 1.- Custos de persoal.
- 2.- Mantemento preventivo e conservación rede de sumidoiros.
- 3.- Mantemento preventivo e conservación depuración.
- 4.- Mantemento normativo e mantementos externos obrigatorios.
- 5.- Vehículos.
- 6.- Outros custos.
- 7.- Reactivos.
- 8.- Transporte e xestión de residuos.
- 9.- Gastos Xerais e Beneficio Industrial.
- 10.- IVE.

### **2.3.- PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN.**

A concesión outorgarase, mediante expediente de contratación tramitado de forma ordinaria, por procedemento aberto, ao que poderá concorrer calquera empresario/a interesado/a, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, sempre que nel concorran os requisitos de capacidade previstos pola normativa vixente para poder licitar, especificados no presente prego. A adjudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, formule a oferta máis vantaxosa segundo os diversos criterios recolleitos neste Prego.

### **2.4. APTITUDE PARA CONTRATAR.**

Poderán presentar proposicións, de acordo co artigo 54.1 do TRLCSP, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP, posúan a solvencia esixida e manifesten o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios aos que se refire este prego.

Os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidos polos Estados membros da Unión Europea sentan unha presunción de aptitude dos empresarios incluídos nelas en relación coas circunstancias establecidas no artigo 84 do TRLCSP.

2.4.1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

De conformidade co artigo 55.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, non será necesaria a presentación do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación pública da Organización Mundial do Comercio.

2.4.2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

2.4.3.- Solvencia económica e financeira.

A solvencia económica e financeira da entidade licitadora deberá acreditarse polos dous medios seguintes:

a) A través das contas anuais do exercicio inmediatamente anterior presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. As empresas non obrigadas a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade do exercicio inmediatamente anterior debidamente legalizados. A través destes documentos do exercicio inmediatamente anterior ao da contrata, acreditarase que a empresa dispón duns fondos propios de, polo menos, 2.500.000 de euros.

b) Cunha declaración responsable asinada pola persoa representante da empresa sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato. Tamén a través de contratos similares realizados pola empresa e referidos, como máximo, aos cinco últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das súas actividades, na medida en que se dispoña das referencias deste volume de negocios. Esa cifra de facturación, nos cinco últimos exercicios económicos e no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato ou polos contratos similares realizados pola empresa, deberá alcanzar un mínimo de 2.500.000 euros nos cinco últimos exercicios acumulados.

#### 2.4.4 Solvencia técnica.

A solvencia técnica ou profesional das entidades licitadoras deberá acreditarse polos dous medios seguintes:

a) Cunha relación dos principais servizos ou traballos similares realizados no últimos cinco anos que inclúa o seu importe, datas e ente destinatario, público ou privado. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados de boa execución dos máis importantes, expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público. Cando sexa un suxeito privado, acreditaranse mediante un certificado expedido por este ou, na súa ausencia, mediante unha declaración do empresario/a.

Para considerar adecuada a solvencia técnica da empresa, será necesario que acredite prestar un servizo de características similares (saneamento e depuración), de maneira satisfactoria, cunha duración mínima de cinco anos a unha poboación de, polo menos 5.000 habitantes. Tamén se considerará adecuada se a entidade licitadora acredita prestar de forma separada os servizos de saneamento en poboacións diferentes de máis de 5.000 habitantes. No caso de unións temporais de empresas, abonda con que unha das empresas integrantes da UTE reúna devandito requisito para acreditar a solvencia técnica da UTE.

b) Cun certificado do sistema de xestión de calidade da empresa auditado coas esixencias da norma ISO 9001: 2008 e aplicado á xestión da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

### **2.5.- GARANTÍAS**

A garantía provisional non se esixe por considerarse innecesaria e a efectos en todo caso de facilitar unha maior concorrencia na licitación.

O órgano de contratación requiriralle á empresa licitadora que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do valor do contrato establecido polo adxudicatario, no estudo económico da súa oferta total (IVE excluído), de acordo co artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a entidade licitadora retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordo co disposto no artigo 96 do TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RGLCAP.

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:

- Das penalidades impostas ao/á contratista conforme ao artigo 212 do TRLCSP.
- Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora do/da contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido no TRLCSP.

No caso de que se fagan efectivas penalidades ou indemnizacións esixibles á adxudicataria sobre a garantía, esta deberá repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de 15 días desde a execución, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

## **2.6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

As ofertas presentaranse no Concello (Avda. Mestre M. Gómez L, nº1 -15885- Vedra. A Coruña), en horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de quince días naturais contados desde o día seguinte á última publicación do anuncio de licitación que se realizará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e Perfil do contratante ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)).

Cando a documentación se envíe por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día e hora de 9:00 a 14:00 h. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a documentación, se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de finalización do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, con todo, os cinco días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso, de conformidade co previsto no artigo 8.4 do RGCAP.

Unha vez entregada ou remitida a documentación, non pode ser retirada, salvo que a retirada da proposición sexa xustificada. Finalizado o prazo de recepción, os xefes das oficinas receptoras expedirán a certificación relacionando a documentación recibida ou a ausencia de licitadores, no seu caso, á que xuntamente con aquela remitirán ao secretario da mesa de contratación.

## **2- DOCUMENTACIÓN.-**

As proposicións constarán de tres sobres pechados denominados A, B, e C, en cada un deles deberá constar o contido, na forma que se indicará, e o nome do licitador:

Sobre A, denominado Documentación Xeral, axustarase ao modelo contido no Anexo I e presentarse pechado, podendo ser lacrado e precintado, a petición do interesado. Deberá ter a seguinte inscrición: "DOCUMENTACIÓN XERAL PARA A ADXUDICACIÓN Á OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE VEDRA." debendo figurar no exterior o nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF ou CIF.

### **1.-DATOS DE IDENTIFICACIÓN. (Obrigatorio).**

Escrito asinado por quen formula a proposición, no que conste o domicilio, o número de teléfono e de fax e a persoa á que se dirixirán as comunicacións e requirimentos que sexa preciso realizar durante o procedemento selectivo.

Copia compulsada do documento que acredite a personalidade de quen subscribe a proposición (DNI, pasaporte, autorización de residencia e traballo, ou calquera outro documento equivalente para persoas estranxeiras).

### **2.-DECLARACIÓN. (Obrigatorio). Segundo modelo Anexo II**

Sobre a base da modificación levada a cabo no artigo 146 do TRLCSP pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, (que lle incorpora 2 novos apartados), salvo en expedientes de obra con valor estimado igual ou superior a 1.000.000 € e de subministracións e servizos a 90.000 €, a achega inicial de documentación do 146.1 pode substituírse por unha declaración responsable, sen prexuízo, de que se esixa posteriormente e antes da proposta de adjudicación e, de que, dita documentación debe referirse a data anterior á de finalización do prazo para licitar.

**3- DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO (Voluntario):** Unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

A súa inclusión leva aparellada a autorización ao órgano de contratación para utilizar este medio electrónico onde efectuar as notificacións, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

**4.- SOMETEMENTO Á XURISDICIÓN ESPAÑOLA.** (Obrigatorio, se é empresa estranxeira).

Para as empresas estranxeiras, declaración responsable de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.

### **5.-UTE.**

Ademais do anterior, en caso de UTE declarararán os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de



constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

**Sobre B-** Denominado: “**DOCUMENTACIÓN XERAL PARA A ADXUDICACIÓN Á OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE VEDRA.**”

Deberá conter os documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor (de acordo co disposto na cláusula 2.9 do prego), desenvolvendo todos e cada un dos apartados alí desagregados. Concretamente, incluirá o proxecto técnico de organización dos servizos e a súa metodoloxía de xestión e servizos propostos. Nel deberanse describir e xustificar todos e cada un dos aspectos e criterios aos que se refire a citada cláusula 2.9 debendo ser coherente co establecido nos pregos (administrativo e técnico) e nos demais documentos contractuais.

A documentación para incluír en este sobre B será en papel e unha copia en formato dixital (pdf).

**SOBRE C:** Documento correspondente á valoración de criterios avaliados mediante fórmulas, coa seguinte inscrición: “**DOCUMENTACIÓN XERAL PARA A ADXUDICACIÓN Á OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE VEDRA.**”

Conterá a seguinte documentación:

- 1.- Modelo de Proposición segundo Anexo II.
- 2.- Modelo para a oferta de melloras complementarias por conta do contratista, según Anexo III.
- 3.- Orzamentos de valoración de melloras complementarias.

## **2.7 MESA DE CONTRATACIÓN:**

Finalizado o prazo de admisión da documentación constituirase a mesa de contratación.

Formarán parte da Mesa de contratación os membros da Mesa de contratación permanente do Concello de Vedra.

De acordo co disposto no artigo 21.5 do RD 817/2009, do 8 de maio, ás reunións da mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados/as que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos para tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto.

## **2.8. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL**

A constitución da Mesa de Contratación anunciarase no perfil do contratante, que procederá á cualificación da documentación contida no sobre A (en caso de sábados trasladarase ao día hábil seguinte).

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

Posteriormente, procederá á apertura e exame dos sobres “b”, que conteñen os criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor.

Tras a lectura das devanditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas con arranxo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

Reunida de novo a Mesa de Contratación, darase a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor. A continuación procederase á apertura dos sobres “C” daqueles licitadores que obtivesen como mínimo 15 puntos na valoración do sobre B, de conformidade co sinalado no artigo 150.4 do TRLCSP.

Á vista da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (Sobre “B”) e dos criterios cuxa ponderación é automática (Sobre “C”), a Mesa de Contratación propoñerá ao adxudicatario do contrato.

O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase en función do disposto no artigo 152 do TRLCSP e artigo 85 do RGCAP.

## **2.9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato:

### **2.9.1.- Enumeración dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.**

Ata 40 puntos (SOBRE B)

O proxecto técnico descrito no sobre B, deberá ser coherente cos custes recollidos no Estudo Económico e Financeiro da concesión.

### **1. Proxecto técnico de organización dos servizos propostos. Ata 20 puntos**

1.1 Medios persoais adscritos aos servizos. Ata 10 puntos

Os licitadores describirán de forma detallada como pretende levar a cabo os traballos necesarios para a xestión dos servizos, cos medios humanos que pon directamente a disposición dos mesmos, estrutura e organigrama do persoal, categoría profesional, retribucións salariais, convenio colectivo de aplicación, dedicación, funcións, quendas de traballo, plan de prevención de riscos laborais, plans de formación e promoción persoal, etc.

## 1.2 Medios materiais e técnicos adscritos aos servizos. Ata 10 puntos

Os licitadores achegarán unha descrición dos medios materiais e técnicos que se comprometan a adscribir aos servizos, coa súa valoración económica.

## **2. Metodoloxía de xestión e mellora dos servizos propostos. Ata 20 puntos.**

Os licitadores deberán describir a metodoloxía, programación e medios que se destinarán para cada un dos seguintes apartados. O detalle deberá ser coherente co sinalado polos licitadores nos puntos 1.1 e 1.2).

### 2.1. Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións, rede e bombeos de rede de sumidoiros. Ata 3 puntos.

- documento conterá:
- Unha análise das instalacións
- Descrición programa informático de mantemento
- Descrición das tarefas rutineiras de limpeza, mantemento e uso dos equipos.
- Descrición dos controis dos diferentes procesos: parámetros, rangos, actuacións correctoras e niveis de decisión.
- Infraestrutura dispoñible na zona xeográfica, se fose o caso.
- Medios externos postos a disposición deste contrato, se fose o caso.

### 2.2. Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das Instalacións de depuración. Ata 3 puntos.

O documento conterá:

- Unha análise das instalacións.
- Descrición programa informático de mantemento.
- Descrición das tarefas de mantemento.
- Infraestrutura dispoñible na zona xeográfica, se fose o caso.
- Medios externos postos a disposición deste contrato, se fose o caso.

### 2.3. Proposta de uso eficiente da enerxía nas instalacións. Ata 2 puntos.

O licitador presentará unha proposta valorada das actuacións destinadas a optimizar o consumo de enerxía que abonará o Concello de Vedra. Xustificarse para cada unha delas o custo e o aforro enerxético que se pretende obter. As actuacións ofertadas deberán ser implementadas por conta do explotador.

2.4. Memoria descriptiva do sistema de cartografía que se compromete a introducir nos servizos. Ata 1 punto.

O licitador explicará a metodoloxía, cartografía, toma de datos, prazos de entrega, etc., compatible cos sistemas de Concello.

2.5. Descrición do sistema de automatización do servizo, mediante “telemando e telecontrol”, etc. (Ata 2 puntos).

2.6. Plan de control de verteduras. (Ata 2 puntos)

2.7. Plan de atención ao usuario. (Ata 2 puntos)

Descríbanse os medios para garantir que os 365 días do ano e as 24 horas diarias os abonados poidan ser informados e realizar as xestións relativas aos servizos. ( Ata 1 punto)

2.8. Plan de información, sensibilización e compromiso coa comunidade. (Ata 2 puntos)

As ofertas deberán indicar as campañas de información, publicidade, educación ambiental e compromiso coa comunidade que se comprometen a poñer en práctica, con especial fincapé no inicio dos servizos, indicando o custo económico que se comprometen a destinar ás mesmas.

2.9. Programa de seguridade e saúde. (Ata 3 puntos)

O licitador deberá incluír neste apartado a política de Seguridade e Saúde que pretende desenvolver durante o contrato.

Non continuará o proceso selectivo con aquelas ofertas que non alcancen polo menos 15 puntos nos criterios aos que se refire o sobre B. Esta puntuación ten a consideración de "valor mínimo", de acordo co previsto no artigo 150.4 \*do \*TRLCSP.

2.9.2 Criterios avaliábeis economicamente.

Ata 60 puntos.

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación do procedemento aberto, por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1.- Proposición económica: estimado como unha porcentaxe de baixa. Ata 35 puntos

Unha vez realizada a apertura, comprobación e admisión da documentación do sobre C e, no seu caso, identificadas as ofertas que incorren en presunción de valores anormais ou desproporcionados e tramitado o procedemento establecido no artigo 152.3 do TRLCSP, así como cumprimentado o disposto nos artigos 22 f) do Real Decreto 817/2009, do 2 de maio, e 151.1 e 152.4 do TRLCSP, continuarase o expediente coas proposicións admitidas, isto é, coas ofertas que non fosen excluídas

do procedemento de adxudicación tras a comprobación da documentación contida no sobre C ou por ser declaradas anormais ou desproporcionadas.

A valoración da oferta económica atenderá ao seguinte criterio:

$$35 \times (\text{oferta máis baixa/oferta de cada licitador})$$

Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

Procederase no acto público de apertura, comprobación e admisión da documentación do sobre C á identificación das ofertas económicas presuntamente anormais ou desproporcionadas.

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados considerarase que están incursas nesa situación as proposicións cunha  $B_i$  superior a  $B_m$  máis cinco unidades:

$$B_i > B_m + 5$$

Sendo:

$B_i$  = Baixa da oferta económica admitida calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

$B_m$  = Baixa media en porcentaxe (en tanto por cento) resultado da media \*aritmética das baixas ( $B_i$ ), obtidas segundo o parágrafo anterior, das ofertas económicas admitidas.

Procedemento administrativo.

Cando se identifique algunha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal conforme ao establecido nos parágrafos anteriores, deberá darse audiencia ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma. Analizada a xustificación efectuada polo licitador e emitidos os informes que fosen precisos, se se estimase que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión nela de valores anormais ou desproporcionados e declarada a oferta nese sentido, a proposición do devandito licitador quedará excluída da clasificación de ofertas e do procedemento de adxudicación; así mesmo, resultará excluído da citada clasificación e do devandito procedemento se o licitador non contestase dentro de prazo ao requirimento da información xustificativa solicitada.

Para os efectos de establecer a media aritmética  $B_m$  terase en conta o seguinte:

Cando concorran á licitación presentando distintas proposicións económicas, de maneira individual ou en unión temporal de empresas, empresas vinculadas ou pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente a

oferta máis baixa de todas as presentadas por estas empresas ou polas UTEs de que formen parte.

2.- Melloras ofertadas: O importe das melloras. Ata 25 puntos.

As melloras describiranse e valoraranse economicamente.

No caso que se oferte máis dunha mellora, a valoración será individual de cada mellora, describindo:

- Unidades de obra e descrición.
- Medición de cada unidade incluída na mellora.
- Prezo unitario de cada unidade incluída na mellora.
- Importe de execución material correspondente na mellora.

Para realizar a valoración de melloras deberase tomar como prezos das unidades de obra os que figuran na Base de Prezos Oficiais da Construción de Galicia (BDC Galicia), na súa última edición. Se non existisen algunhas unidades fundamentarase en base a prezos de mercado.

As melloras que non estean valoradas economicamente non serán obxecto de valoración.

Corresponderá a máxima puntuación (25 puntos) á oferta que represente o maior valor económico, distribuíndose a puntuación ás restantes de forma proporcional mediante a seguinte fórmula:

Fórmula de puntuación:  $*P = (*OC / *MO) \times 25$

\*P= Puntuación

\*OC= Oferta a considerar

\*MO= Mellor oferta

As melloras ofertadas polas empresas licitadoras terán valor contractual e en ningún caso a súa execución suporá un custe para o Concello de Vedra.

2.9.3 Criterios para resolver eventuais empates.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. En primeiro lugar, a empresa que acredite contar no seu cadro de persoal cunha porcentaxe superior ao 2% de traballadores/as con discapacidade. A porcentaxe de persoal traballador fixo discapacitado deberá manterse durante o tempo que dure a

execución do contrato ou, se é o caso, durante o prazo de garantía se a execución non se realizase en tempo sucesivo. O incumprimento desta condición será causa de resolución do contrato.

2. En segundo lugar, a empresa que teña un plan de igualdade ou obtivese a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia e no Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

3. Por último, no caso de que aplicando os criterios anteriores se manteña o empate, convocaranse as entidades licitadoras para realizar un sorteo ao azar.

## **2.10.-REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.**

2.10.1.- Documentación acreditativa dos requisitos previos do sobre A obxecto da declaración responsable.

### **1.-CAPACIDADE DE OBRAR DO EMPRESARIO.-**

Os que acrediten a capacidade de obrar do empresario, e no seu caso a súa representación.

- Persoas Físicas: Fotocopia do DNI ou \*NIF e poder debidamente bastantado polo Secretario da Corporación cando o licitador non actúe en nome propio.

- Persoas Xurídicas:

a) Copia compulsada da escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto funcional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público \*asimilables aos enumerados no artigo 3 da TRLCSP, en forma substancialmente análoga. Con todo prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Comunidade Europea ou signatarios do acordo sobre o espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo 1 do RGLCAP en función dos diferentes contratos.

b) Poder bastante para o efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para un acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.1.5 do regulamento do rexistro Mercantil.

c) DNI da persoa a cuxo favor se outorga a representación, sempre que os seus datos non consten no poder ou escritura.

## 2. ACREDITACIÓN DA FINALIDADE DA EMPRESA E DA SÚA ORGANIZACIÓN.

No caso de persoas xurídicas, os licitadores deberán presentar a documentación que acredite debidamente que as prestacións obxecto do contrato están comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, lle sexan propias.

3. SOLVENCIA TÉCNICA Ou PROFESIONAL.- Acreditarase de conformidade co sinalado na cláusula 2.4 deste prego.

4. SOLVENCIA FINANCEIRA. Acreditarase de conformidade co sinalado na cláusula 2.4 deste prego.

Se a persoa licitadora presenta a documentación e a Mesa de contratación observa defectos ou omisións emendables nesta, comunicaráselle, preferentemente por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, á persoa licitadora concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o corrixa ou emende. Se no prazo concedido non procede á emenda da documentación, será excluída do procedemento de adxudicación, coa incautación da garantía provisional.

### 2.10.2.- Documento previo á adxudicación do contrato (artigo 151.2 do TRLCSP)

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais e requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

#### 1.- Obrigacións tributarias:

a) Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas ao devandito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGLCSP.



Ademais, non deberá ter débedas en período executivo de pago co Concello de Vedra, salvo que as mesmas estivesen debidamente garantidas. O certificado que acredite a inexistencia de débedas achegarase de oficio pola Administración Local.

## 2.- Obrigas coa Seguridade Social.

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCSP.

3.-Constitución da garantía definitiva esixida polo importe previsto por algún dos medios previsto no art. 95 da TRLCSP. A súa contía será igual ao 5% do valor do contrato establecido polo adxudicatario, no estudo económico da súa oferta total (IVE excluído), segundo o previsto no apartado H, do cadro de características do presente prego.

Caso de non presentarse polo licitador requirido a citada documentación no prazo indicado, entenderase que o mesmo retira a súa oferta, procedéndose entón a solicitar a mesma documentación do licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

### **2.11.-ADXUDICACIÓN**

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refire o artigo anterior.

A adxudicación do licitador que presente a oferta máis vantaxosa non procederá cando, de conformidade co previsto no artigo seguinte, o órgano de contratación presuma fundamentalmente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais e desproporcionados.

As proposicións presentadas, tanto ás declaradas admitidas como ás rexeitadas sen abrir e ás desestimadas unha vez abertas, fóra da que resulte adxudicataria, serán arquivadas no seu expediente. Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxesen, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados que poderán retirala previa solicitude por escrito. No caso de que tal retirada comporte gastos para o Concello estes satisfaranse previamente.

A adxudicación do contrato será notificada aos licitadores coa información prevista no artigo 151 do TRLCSP e poderá facerse por correo electrónico á dirección que os licitadores designasen ao presentar as proposicións, de acordo co previsto no mesmo artigo.

### **2.12.- FORMALIZACION DO CONTRATO**

Dado que o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40.1 do TRLCAP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da

adxudicación aos licitadores e candidatos, de acordo co disposto no artigo 151.4 do TRLCSP.

### **CAPÍTULO 3.- DO RÉXIME ECONÓMICO DA CONCESIÓN**

#### **3.1.- DA RETRIBUCIÓN DO CONCESIONARIO.**

O pago do prezo realizarase contra factura mensual, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada pola unidade que reciba o traballo (ou no seu caso, polo responsable do contrato) e aprobada polo órgano competente.

O orzamento de licitación do contrato, establecido, (unha vez aplicado o coeficiente de baixa de licitación, se é o caso) fraccionarase en 12 partes ao obxecto da expedición da factura mensual.

O adxudicatario deberá presentar as súas facturas ante o Rexistro Xeral do Concello ou Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas FACE da Administración Xeral do Estado, segundo sexan ou non expedidas por algunha das entidades obrigadas a facturar electronicamente ás que se refire o artigo 4 da Lei 25/2013, do 17 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público (Sociedades Anónimas, Sociedades de Responsabilidade Limitada, as Unións Temporais de Empresas, Agrupacións de Interese Económico Europeas, Fondo de Pensións, Fondo de capital de risco, Fondos de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de utilización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos).

Estas entidades están exceptuadas de presentación de factura electrónica cando o importe das facturas non exceda da cantidade de 5.000 € IVE incluído.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, tamén poderán presentar as súas facturas en formato electrónico.

As facturas que sexan expedidas electronicamente, e que por tanto se presenten a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas FACE da Administración Xeral do Estado, deberán consignar os seguintes códigos DIR3:

Órgano xestor: L01150891

Unidade tramitadora: L01150891

Oficina contable: L01150891

A administración deberá abonar o importe das facturas dentro dos prazos establecidos no artigo 216 apartados 4, 5 e 6 do TRLCSP, tendo en conta para os efectos de aplicación do disposto no devandito apartado 4, o establecido na Disposición Transitoria Sexta do mesmo corpo legal.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito para cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión

xurda efectos e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique a esta última o acordo de cesión.

### **3.2.- DA REVISIÓN DA RETRIBUCIÓN**

De conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP nesta contratación non procede a revisión de prezos.

### **3.3.- EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO DA CONCESIÓN.**

O contrato de concesión deberá manter o seu equilibrio económico nos termos que foron considerados para a súa adxudicación, tendo en conta o interese xeral e o interese do concesionario, de conformidade co disposto a continuación.

O Concello de Vedra deberá restablecer o equilibrio económico-financieiro da concesión, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características dos servizos contratados.

b) Cando actuacións da Administración determinen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión.

c) Cando causas de forza maior determinen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión. A estes efectos, enténdense por causas de forza maior as enumeradas no artigo 231 do TRLCSP. Nestes supostos, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan, que poden consistir en:

- A modificación das tarifas para abonar polos usuarios.
- A ampliación ou redución do prazo de concesión, dentro dos límites fixados na TRLCSP.
- Na modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Corresponde á concesionaria acreditar que, efectivamente, rompeu o equilibrio económico da concesión e a súa cuantificación. Será necesario que o contratista presente as contas de explotación anuais da concesión ao Concello de Vedra, xunto co soporte documental necesario: facturas, xustificantes e calquera outro documento que lle requira o Concello.

### **3.4.- GASTOS ESIXIBLES AO CONTRATISTA.**

Serán de conta do contratista os seguintes gastos:

- Os da formalización pública do contrato, no seu caso.
- O importe de todos os anuncios regulamentarios de licitación e adxudicación do contrato, ata un importe máximo de 1.000 €

- Gastos de tramitación de licenzas ou outras autorizacións necesarias, incluíndo o pago dos impostos e taxas que graven os traballos.
- Custos materiais da execución dos traballos, incluíndo materiais, maquinaria, man de obra (salarios, seguros sociais ) e os seus traslados e mantemento no lugar de desenvolvemento dos traballos.
- Gastos de auga, teléfono ou outras subministracións, menos a enerxía eléctrica, que a abonará directamente o Concello de Vedra
- Conservación, reposición e arranxo dos accesos necesarios para a execución dos traballos e, no seu caso, execución destes.
- Indemnizacións e gastos por ocupacións temporais de terreos, cortes ou desvíos de tráfico ou outras actuacións necesarias para facilitar a execución dos traballos ou reducirle á cidadanía as molestias derivadas destes..
- Seguros de responsabilidade civil, de accidentes e de calquera outro tipo que sexa necesario ou se considere conveniente para garantir os riscos derivados da execución dos traballos e da súa conservación.
- Imposto sobre Transmisións Patrimoniais sobre as melloras, en caso de existir.
- Calquera outro que así se determine neste Prego ou na normativa vixente.

## **CAPITULO 4 DO RÉXIME XURÍDICO-ADMINISTRATIVO DA CONCESIÓN**

### **4.1- DEREITOS DO CONCESIONARIO.**

En relación coa Administración, o concesionario terá os seguintes dereitos:

Son dereitos básicos dos concesionarios:

- a) Utilizar os bens de dominio público necesarios para o servizo.
- b) Percibir directamente do Concello de Vedra a retribución correspondente pola prestación dos servizos.
- c) Obter a adecuada compensación económica para manter o equilibrio económico da concesión no caso de modificacións do servizo impostas pola Corporación que aumenten os custos ou diminúan as retribucións e afecten o equilibrio económico financeiro da concesión; dita compensación deberá tramitarse de acordo co establecido no presente Prego de Condicións.
- d) Revisar a retribución, de conformidade co previsto no presente Prego e no de Prescricións Técnicas Particulares.
- e) Obter protección adecuada do Concello para poder prestar o servizo público.

f) Subcontratar todas as prestacións accesorias do servizo que estime oportunas para unha mellor prestación do mesmo cos límites establecidos no artigo 227 do RD Lexislativo 3/2011.

g) En xeral, o concesionario ostentará as facultades necesarias para prestar o servizo.

#### **4.2.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO.**

Son obrigas do concesionario:

a) Organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo.

b) Prestar os servizos coa continuidade convida, e garantir aos particulares o dereito para utilizalo nas condicións que fosen establecidas.

c) Coidar da boa orde dos servizos, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía que conserva esta Administración.

d) Prestar os servizos a toda persoa que cumpra cos requisitos dispostos regulamentariamente.

e) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento dos servizos, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

f) O concesionario será responsable directo dos danos e/ou prexuízos que puidese ocasionar a terceiros derivados da actividade consecuencia desta concesión. Para cubrir tales riscos, o concesionario subscribirá a correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil con entidade de recoñecido prestixio e solvencia, por un importe mínimo de 2.000.000 euros, e entregárase anualmente copia da póliza renovada ao Concello. Dita póliza deberá permanecer vixente ao longo de toda a duración do contrato, vindo obrigado o concesionario a entregar copia da mesma e dos sucesivos recibos do pago á Administración. A Administración resérvase a facultade de comprobar a suficiencia da referida póliza, podendo tomar as medidas preventivas que estime pertinentes no caso de que estime insuficiente a garantía. O Concello resérvase expresamente o dereito ao regreso contra o contratista, mediante as accións legais procedentes en todos aqueles casos en que se lle declare responsable como consecuencia dos actos derivados do funcionamento normal ou anormal dos servizos comprendidos na concesión.

g) Adscribir aos servizos os medios persoais e materiais necesarios para unha adecuada prestación.

h) Non allear nin gravar bens afectos á concesión, sen autorización do Concello.

i) Manter en bo estado de conservación e efectuar as reparacións necesarias para iso nos bens e instalacións adscritos aos servizos.

k) Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros sen a autorización do Concello de acordo co disposto no TRLCSP.

l) Cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

#### **4.3.- POTESTADES DA ADMINISTRACIÓN.**

O Concello ostentará as seguintes facultades:

a) Poder de vixilancia e policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.

b) Ordenar discrecionalmente, as modificacións que aconsellase o interese público, sempre que mediasen as compensacións que puidesen corresponder.

c) Fiscalizar a xestión do concesionario, a cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo, as súas obras, instalacións locais e documentación relacionada co obxecto do contrato.

d) Ditar as ordes necesarias para manter ou restablecer a prestación do servizo.

e) Informar polos servizos técnicos do Concello e, se procede, aprobar os expedientes de revisión de tarifas.

f) Impoñer ao Concesionario as correccións e sancións pertinentes por razón das infraccións que, eventualmente, cometese.

g) Rescatar a concesión, suprimir o servizo, declarar a caducidade da concesión e dispoñer do secuestro previa tramitación do correspondente expediente administrativo.

h) Interpretar o contrato.

i) Calquera outras que se deriven do presente Prego.

#### **4.4 OBRIGAS DO CONCELLO**

##### **4.4.1.- En orde á titularidade do servizo**

A teor do disposto no Artigo 126.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, o Concello, con independencia das diversas obrigas consignadas neste Prego de Condicións, conservará a titularidade do Servizo.

O Concello achegará ao concesionario os bens, obras e instalacións auxiliares da súa propiedade necesarias para a prestación do servizo, comprometéndose o concesionario a devolvelas en normal estado de conservación ao finalizar o contrato.

##### **4.4.2.- Protección do servizo**

O Concello outorgará ao concesionario a protección adecuada no que se refire á prestación do Servizo, amparándoo xuridicamente sempre que a súa xestión se axuste á normativa vixente e ás condicións do Prego e posterior contrato.

#### **4.4.3.-En orde á utilización da vía pública**

O Concello concede ao concesionario o dereito para utilizar a vía pública para situar as conducións e realizar as intervencións oportunas, destinadas á evacuación e saneamento de augas residuais, tendo en conta o que sinalen as Ordenanzas Municipais. Non será esixible tributo ou prezo algún ao concesionario por tal motivo por ser as redes de propiedade municipal e actuar aquel como mandatario do Concello.

A utilización das vías públicas, previa comunicación da concesionaria, estará baixo a supervisión dos Técnicos Municipais, a fin de que as intervencións necesarias se realicen coa debida garantía, tendo en conta o tráfico rodado de vehículos. A restitución de obras realizadas na vía pública realizarase coa máxima dilixencia.

#### **4.4.4.- Revisión das cláusulas xerais do contrato.**

Cando varíen substancialmente as circunstancias técnicas do Servizo por sobrevir un cambio radical na súa concepción ou por calquera outra causa que modifique o custe do mesmo, calquera das partes poderá solicitar da contraria a revisión das condicións xerais do Contrato, con obxecto de manter o equilibrio económico da concesión. En calquera dos casos estarase ao disposto no artigo 282 do RD lexislativo 3/2011 respecto do equilibrio económico da concesión e as variacións contractuais que poidan xurdir.

**4.4.5. Indemnizar á concesionaria polos danos e prexuízos** que lle ocasione a asunción directa da xestión dos servizos, se esta se producise por motivos de interese público independente da culpa da concesionaria e nos casos de rescate da concesión ou supresión do servizo.

**4.4.6. Execución de obras:** As obras de primeiro establecemento, reforma ou gran reparación da rede xeral de rede de sumidoiros e pluviais, estacións de bombeo serán de conta do concello de Vedra e, por tanto, non terán a consideración de obras de mantemento e conservación.

A estes efectos e de conformidade co sinalado no artigo 4.3.1 do PPT, considéranse obras de ampliación e/ou reforma nas redes de distribución e rede de sumidoiros, e por tanto serán por conta do Concello, todas as intervencións que impliquen a substitución de polo menos 12 metros lineais de tubaxe, non importa a sección, e obras de ampliación de instalacións electromecánicas.

Todas as obras de primeiro establecemento, reforma e gran reforma que de acordo co establecido nesta cláusula sexan por conta do Concello de Vedra serán financiadas por este, ou ben realizadas en base aos importes que en función do ofertado o adxudicatario ha de destinar a investimentos de mellora, segundo estableza o Concello.

## **4.5 SANCIÓNS POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO**

### **4.5.1 Son infraccións moi graves:**

- a) Non dar comezo á prestación de servizos contratados.
- b) Prestación manifestamente defectuosa ou irregular, ou paralización ou falta de prestación da totalidade ou parte dos servizos contratados, excepto cando iso obedeza a causas de forza maior ou aos casos que se especifican neste prego e no de prescricións técnicas particulares.
- c) Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte dos servizos obxecto da concesión, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano de contratación.
- d) Allear bens afectos á concesión que houberen de reverter ao Concello, ou gravalos sen autorización expresa do mesmo.
- e) Vulneración polo concesionario da normativa en materia laboral e/ou de seguridade social de obrigado cumprimento sempre que revista carácter esencial.
- f) A percepción de taxas e tarifas superiores ou diferentes ás aprobadas polo Concello.
- g) Non observación polo concesionario de obrigas que afecten a aspectos hixiénico-sanitarios na prestación dos servizos contratados.
- h) As interrupcións ou suspensións na prestación dos servizos aos usuarios, salvo cando concorran circunstancias de caso fortuíto ou de forza maior debidamente acreditadas.
- i) A situación de notorio descoido na conservación, mantemento e reparación dos bens, edificacións, instalacións e demais infraestruturas afectas aos servizos, ben sexa de propiedade municipal ou achegada polo concesionario, sempre que mediase requirimento municipal para a corrección das devanditas deficiencias.
- k) O incumprimento reiterado das ordes ou acordos municipais que revistan carácter esencial para a adecuada prestación dos servizos.
- l) O falseamento da información que deba proporcionar o concesionario ao Concello, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas particulares.
- ll) Non observación de normas, disposicións ou resolucións administrativas emanadas das autoridades ou organismos competentes.
- m) O incumprimento das condicións esenciais de execución do contrato previstas no presente prego e no prego de prescricións técnicas particulares.



n) Non admitir ao goce do servizo a toda persoa que cumpra os requisitos legalmente establecidos.

o) A non adscrición á execución do contrato dos medios persoais ou materiais suficientes.

p) O incumprimento dalgún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta que se tiveron en conta como criterios de adxudicación.

q) Aqueloutras previstas e cualificadas como faltas moi graves no Regulamento do Servizo.

#### **4.5.2 Son infraccións graves:**

a) O descoido na conservación, mantemento e reparación dos bens, edificacións, instalacións e demais infraestruturas afectos ao servizo, salvo que tivese o carácter de moi grave.

b) O incumprimento polo concesionario das ordenanzas, regulamentos e demais disposicións reguladoras do servizo, sen prexuízo que se cualificase como moi grave.

c) A obstrución polo concesionario do labor inspector e de vixilancia municipal. No caso de que se trate de actos reiterados terá carácter de falta moi grave.

d) A non observación de calquera obriga respecto dos usuarios indicada no prego de prescricións técnicas particulares.

e) O incumprimento no envío nos prazos previstos, aos organismos competentes, de datos e informacións esixibles con carácter preceptivo.

f) Irregularidades ou prestación defectuosa na xestión e explotación do servizo concedido cando non constituía falta moi grave.

